INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
FRANCISCO AGUIAR
BETANZOS
DEPARTAMENTO DE ARTES PLÁSTICAS

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:	I.E.S. Francisco Aguiar
CURSO:	1º - 3º - 4º E.S.O.
MATERIA:	Educación Plástica, Visual e Audiovisual
DEPARTAMENTO:	Artes Plásticas
DATA:	5 – Maio – 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

INDICE

1. Introdución.

2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

3. Avaliación e cualificación.

4. Metodoloxía e actividades previstas para o 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso e, no seu caso, ampliación).

5. Información e publicidade.

1. INTRODUCIÓN.

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 á categoría de pandemia internacional. Entre as medidas preventivas adoptadas polo Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo, como consecuencia da declaración da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, estableceuse a suspensión das actividades académicas. Como consecuencia, a partir do luns 16 de marzo o alumnado de Educación Secundaria deixou de acudir ás aulas e iniciou unha etapa ata agora descoñecida: a formación a distancia polo confinamento nas súas casas.

No Departamento de Artes Plásticas fixámonos como obxectivo o mantemento das aprendizaxes e competencias do Proxecto Didáctico presentado ao comezo do curso. Partimos do feito de que os contidos da primeira e segunda avaliacións foron impartidos e avaliados, polo que procede adaptar os contidos da terceira avaliación á nova realidade docente, que implica unha redución da esixencia e cumprimento dos estándares de aprendizaxe, sendo máis flexibles coa súa avaliación.

Estes contidos, de acordo co disposto no artigo 6 da Instrución do 27 de Abril de 2020 da DXEFPIE para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-20, así como nas directrices específicas no seu apartado 3 (Educación Secundaria Obrigatoria), centraranse nas aprendizaxes e competencias imprescindibles, e desenvolveranse mediante actividades de repaso, reforzo, recuperación e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes xa desenvolvidas no 1º e 2º trimestres, tomando como referentes os obxectivos e competencias clave máis necesarios par a progresión do alumnado e que requiran a mínima intervención docente (consecuencia do obrigado confinamento domiciliario).

Así mesmo, para o alumnado que adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres, proporémoslles actividades de reforzo que lles fagan posible adquirilas e, consecuentemente, superar a materia, a fin de que podan continuar no próximo curso co seu itinerario formativo. Este obxectivo terá maior relevancia no alumnado de 4º ESO, por tratarse dun final de etapa.

2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

E.P.V.A. 1º ESO

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	**Estándar de aprendizaxe**
O PLANO	
- Comprender e empregar os conceptos espaciais: o plano. - Comprender a clasificación dos triángulos en función dos seus lados e ángulos. Construír triángulos coñecendo tres dos seus datos. Coñecer as propiedades xeométricas e matemáticas dos triángulos rectángulos, aplicándoas con propiedade á súa construción. - Coñecer os diferentes tipos de cuadriláteros. Executar as construcións máis habituais de paralelogramos. - Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares. Estudar a construción de polígonos regulares inscritos na circunferencia.	- Identificar e valorar a importancia do plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico-plásticas propias e alleas. - Clasificar triángulos, observando os seus lados e os seus ángulos. - Construír un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, dous ángulos e un lado, e os tres lados, utilizando correctamente os instrumentos de debuxo. Debuxar un triángulo rectángulo a partir da hipotenusa e un cateto. - Clasificar correctamente calquera cuadrilátero. Construír calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal. - Clasificar correctamente calquera polígono diferenciando se é regular ou irregular. - Construír correctamente polígonos regulares inscritos nunha circunferencia.
PERCEPCIÓN E SINTAXE VISUAL	
- Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liñas, puntos, cores, texturas, claroscuros... - Analizar e realizar cómics aplicando os recursos de xeito apropiado.	- Realizar composicións que transmitan emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando distintos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores...) - Aplicar os conceptos da composición ao deseño das imaxes fixas que constitúen as viñetas dun cómic. - Deseñar un cómic utilizando de xeito adecuado viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.
A COR	
- Comprender as cores primarias segundo que sexan cores-luz ou cores-pigmento; entender as súas mesturas (aditiva e subtractiva). - Experimentar coas cores primarias e secundarias. - Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. A témpera, o lapis de grafito e de cor. - Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liñas, puntos, cores, claroscuros...) - Comprender a organización do círculo cromático segundo as mesturas de cores primarias. - Diferenciar harmonía e contraste. - Asimilar os significados emotivos e culturais das cores, coas sensacións térmicas e dinámicas que implican.	- Experimentar coas cores primarias e secundarias estudando a síntese aditiva e substractiva e as cores complementarias. - Utilizar con propiedade as técnico gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade. - Utilizar o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas. - Experimentar coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampacións...) valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.

E.P.V.A. 3º ESO

2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
A IMAXE SECUENCIADA. BANDA DESEÑADA	
- Coñecer e aplicar os métodos creativos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño - Coñecer os fundamentos da imaxe secuenciada, explorar as súas posibilidades expresivas - Analizar e realizar cómics aplicando os recursos de xeito apropiado	- Crear composicións aplicando procesos creativos sinxelos. - Elaborar unha secuencia narrativa, a base de imaxes fixas. - Deseñar un cómic utilizando de xeito adecuado viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.
XEOMETRÍA PLANA	
- Coñecer lugares xeométricos e definilos. - Clasificar os polígonos en función dos seus lados - Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado. - Comprender as condicións dos centros e as rectas tanxentes nos distintos casos de tanxencia e enlaces. - Comprender a construción do óvalo e ovoide, aplicando as propiedades das tanxencias entre circunferencias. - Estudar os conceptos de simetrías, xiros e translacións aplicándoos ao deseño de composicións con módulos.	- Clasificar correctamente calquera polígono diferenciando se é regular ou irregular. - Construír correctamente polígonos regulares a partir do lado. - Resolver correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando axeitadamente as ferramentas. - Construír correctamente diversos tipos de óvalos e ovoides, segundo eixes ou diámetros coñecidos. - Executar deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.

E.P.V.A. 4º ESO

3. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
DESEÑO DO ESPAZO HABITADO	
- Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais. - Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño. - Recoñecer o papel que desempeña a xeometría na construción dos ámbitos onde viven as persoas. - Valorar a importancia do contorno na vida do ser humano, tanto en pequena como en gran escala. - Valorar a cor e a textura como condicionantes dun contorno interior agradable. - Recoñecer a boa arquitectura, independentemente de que encaixe ou non cos gustos propios - Comprender a necesidade do planeamento urbanístico para o deseño do espazo social, aínda que ás veces supoña unha mingua de dereitos individuais. - Entender a importancia da ergonomía e das proporcións nos diferentes espazos onde se desenvolve a vida das persoas	- Observar e analizar os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal. - Coñecer e planificar as fases de realización dun proxecto de deseño. - Realizar composicións creativas e funcionais adaptadas ás áreas do deseño, valorando a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas. - Planificar os pasos na realización de proxectos, respectando o realizado por compañeiros e compañeiras. - Aplicar correctamente os sistemas de representación no desenvolvemento dun proxecto de deseño. - Debuxar correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas. - Utilizar debidamente as cores, tendo en conta os seus significados simbólicos

3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

3.1. AVALIACIÓN.

Procedementos:
- Seguimento do traballo do alumnado.
- Recollida de tarefas do alumnado, usando o correo electrónico e/ou a aula virtual.
- Probas puntuais.

Instrumentos:
- Diario do observado nas tarefas propostas.
- Rexistro das entregas de tarefas.

3.2. CUALIFICACIÓN FINAL.

Como criterio xeral, a cualificación final será o resultado da nota media da 1ª e 2ª avaliacións, nas que se fixo un traballo presencial na aula. As actividades e tarefas realizadas a partir da suspensión das clases contabilizarán para subir dita nota media ata un máximo de 2 puntos conforme a este baremo:
- Entrega de tarefas: ata 0,5 puntos (segundo o número de traballos entregados).
- Puntualidade e respecto dos prazos: 0,5 puntos.
- Calidade e boa execución dos exercicios, de acordo co especificado no apartado 13.5 do Proxecto Didáctico para o curso 2019-20: ata 1 punto.

3.3. RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS NON SUPERADAS.

O alumnado que teña algunha avaliación suspensa e que, conforme ao indicado no parágrafo anterior non supere a materia, deberá realizar e entregar as tarefas pendentes, se fose o caso, e poderá facer unha proba final baseada nos contidos desenvolvidos na 1ª e 2ª avaliacións, que se levará a cabo na semana do 15 ao 19 de xuño, de xeito presencial, se a situación sanitaria o permite, ou por medios telemáticos se non fose posible; neste caso adoptaranse as medidas necesarias para garantir que é o/a alumno/a quen resolve a proba proposta por si mesmo/a.

3.4. AVALIACION EXTRAORDINARIA (SETEMBRO)

Realizarase mediante unha proba escrita baseada nos contidos desenvolvidos na 1ª e 2ª avaliacións.

3.5. ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES.

3.5.1. Alumnado pendente de 1º ESO.
Realizarán dous exercicios relativos aos contidos de cada avaliación:
- 1ª avaliación: Linguaxe visual, punto e liña.
- 2ª avaliación: Debuxo técnico. Operacións básicas e polígonos.
- 3ª avaliación: A cor. Círculo cromático básico. Gamas cromáticas.

3.5.2. Alumnado pendente de 3º ESO.
Avaliarase conforme as probas específicas realizadas durante o primeiro e o segundo trimestre. No caso de que algún alumno/a non supere deste xeito a materia, poderá realizar unha proba final nas mesmas condicións e datas que se indican no parágrafo 3.3, coa diferencia de que, ao tratarse dunha materia pendente do curso anterior, incluirá a totalidade dos temas contemplados na programación correspondente.

4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PARA O 3º TRIMESTRE.

O traballo previsto para desenvolver no 3º trimestre, de xeito non presencial, estará destinado a repaso, reforzo e recuperación dos contidos traballados nos 1º e 2º trimestres, e no seu caso, ampliación de contidos para intentar que o alumnado poda continuar o seu proceso formativo e afrontar nas mellores condicións posibles o curso 2020-21.

4.1. ACTIVIDADES.

4.1.1. Primeiro curso ESO.

O alumnado traballará individualmente, realizando actividades propostas seguindo na medida do posible o currículo de ciclo. Con actividades adaptadas a situación que están a vivir.

Nun primeiro momento a unidade de Polígonos, que era a que estabamos a realizar no curso, por ser algo máis complexa foi interrompida. No seu lugar comezamos a traballar a parte teórica da banda deseñada, de forma individual e coa seguinte metodoloxía: Elaborase unha unidade ca teoría e as tarefas axeitadas para conseguir os obxectivos que se pretenden e secuenciada do seguinte xeito:

1. Visionado da parte teórica e proposta da tarefa.
2. A modo de guión, e traballando desde a base da estrutura literaria adaptada ao medio visual, escritura dun conto.
3. Traballo de personaxes, esbozos, movementos...
4. Elaboración dunha táboa , con contidos técnicos para elaborar cada viñeta (planos, elementos visuais e narrativos)
5. Elaboración da estrutura e arte final.

Seguimos a programación retomando a U.D Polígonos, de acordo co departamento de matemáticas, no que veremos teoría e construción de polígonos e exercicios axeitados para tentar conseguir unha aprendizaxe efectiva dos contidos propostos. Tamén proporemos un taller: “Xogando con polígonos, somos artistas”. (traballa: construción e composición abstracta intuitiva). Realizarase con estes exercicios unha montaxe, para motivalos a seguir traballando na nosa materia.

Por último, para pechar o curso daremos a UD da “Cor” realizando varios exercicios dedicados a teoría da cor e as súas aplicacións plásticas.

4.1.2. Terceiro curso ESO.

O alumnado continuará coa actividade que estaba desenvolvendo no momento da suspensión das clases, sobre a U.D. “Banda deseñada”. Traballando en grupos de tres alumnos, desenvolverá un argumento conforme as seguintes fases:

- Redacción do guión.
- Elaboración de esbozos.
- Configuración das páxinas.
- Execución final.

De cara a completar a súa formación, desenvolverase tamén a U.D. “Xeometría plana”, realizando algúns exercicios prácticos para asegurar a comprensión dos conceptos correspondentes.

4.1.3. Cuarto curso ESO.

O alumnado continuará coa actividade que estaba desenvolvendo no momento da suspensión das clases, sobre a U.D. “Deseño do espazo habitado”, con traballo individual sobre o deseño dun elemento de moblaxe urbana. Dadas as circunstancias, suprimiremos o bloque de contidos do terceiro trimestre, relativo ao Deseño Industrial, completando os

conceptos da U.D. mencionada cos recursos formativos proporcionados polo ProxectoTerra, no marco do cal se desenvolve a citada U.D.

4.2. METODOLOXÍA.

O profesorado mantén contacto permanente co alumnado a través do correo electrónico e, no seu caso, da aula virtual do instituto. Utilízanse estas dúas canles para enviar e recoller as tarefas que se lle propón ao alumnado para que as realice no seu domicilio. No caso dos traballos de grupo, promove o contacto entre os membros de cada equipo, alternando actividades de execución individual con outras nas que o traballo de cada un debe complementarse co que achegan os seus compañeiros e compañeiras.

Verificamos a recepción dos e-mails, así como a participación na aula virtual. De observar que algún alumno/a non participa nas actividades, amosa falta de interese ou non responde as mensaxes, se informará ao titor e/ou familia a través do programa SIXA e, se fose o caso, ao equipo directivo do centro para comprobar se hai problemática de equipos, conexións ou outros aspectos técnicos.

O profesorado está a disposición do alumnado para resolver dúbidas e atender cuestións académicas ou doutro tipo a través do correo electrónico e outros medios telemáticos (mensaxería por Whatsapp, videoconferencia con Webex...). Proporcionamos vídeos formativos para complementar os contidos.

As actividades propostas terán prazos concretos de entrega, aínda que dadas as circunstancias e as potenciais dificultades que algúns alumnos/as poidan ter cos recursos tecnolóxicos, procurarase ser flexibles na recepción dos traballos.

De acordo coas Instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019-2020, a maior parte do traballo irá destinado a reforzo e recuperación das dúas avaliacións presenciais, complementado con contidos da 3ª avaliación para permitir o avance na materia do alumnado que adquiriu debidamente as competencias correspondentes aos dous primeiros trimestres.

4.3. ALUMNADO CON APOIO ESPECÍFICO OU NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.

Para atención ao alumnado con NEE, traballarase o currículo por medio de tarefas correspondentes á 1ª e 2ª avaliacións e co seu material específico. Reducirase a cantidade de tarefas que se lles propón ao resto do alumnado, insistindo nas de reforzo. Seremos máis flexibles nos tempos. A partir destas condicións previas, a súa avaliación realizarase igual que o resto do alumnado, segundo se indica no apartado 3

4.4. MATERIAIS E RECURSOS.

- Exercicios elaborados polo profesorado.
- Vídeos formativos dispoñibles en Youtube.
- Presentacións elaboradas polo profesorado.
- Material teórico, apuntamentos, elaborados polo profesorado (xa entregados no seu momento, ou remitidos a través do correo electrónico).

5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

5.1. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS.

- Mensaxes a través do correo electrónico.
- Uso da aula virtual.
- Posible uso da videoconferencia para comunicación oral.
- Mensaxes a través da titoría.
- Informes mediante SIXA.
- Chamadas telefónicas.

5.2 PUBLICIDADE.

Publicación na páxina web do instituto.